

EXPEDIENTE:	2022/00049455J
PROCEDEMENTO:	Expropiación por taxación conxunta

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 23 de outubro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM (fase I)

A proposta é do seguinte teor literal:

Logo de ver o informe da técnica da Sección de Expropiacións e do Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión do 19.10.2023 que de seguir se transcribe:

“ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión que tivo lugar o día 26 de decembro de 2022, acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM (fase I).

O proxecto de expropiación elaborouse de oficio polo Concello de Santiago a través do equipo técnico Alfonso Botana S.L.

De conformidade cos artigos 118.3 da Lei do Solo de Galicia (LSG), e 293.2 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG), este expediente estivo exposto ao público mediante publicación dos correspondentes anuncios no DOGA (24.01.2023); no diario “La Voz de Galicia” (24.01.2023); e no portal de transparencia do Concello. En ditos anuncios concedeuse o prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da última publicación, para que os interesados puidesen formular as alegacións que consideren oportunas.

Simultaneamente se lles notificou a aprobación do expediente persoalmente aos afectados mediante traslado literal da correspondente folla de valoración, aos que se lles outorgou, así mesmo, un prazo dun mes para a formulación de alegacións que xulgase oportunas, contado desde a recepción da respectiva notificación. Ante a existencia de direccións descoñecidas publicouse o anuncio no Boletín Oficial do Estado (BOE 26.01.2023), dando cumprimento ao artigo 44 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Durante o referido trámite de información pública aos interesados, formuláronse as seguintes alegacións que se informan de seguido.

Por outra banda, detectadas algunhas discrepancias entre as superficies que figuran no Rexistro da Propiedade e as superficies gráficas, en marzo de 2023, outorgouse trámite de audiencia aos titulares das parcelas nº 8, nº 9, nº 10, nº 11, nº 12, nº 13 e nº 14, dándolles traslado das follas de prezo xusto coa superficie afectada resultante da

medición gráfica. Ante a existencia de direccións descoñecidas publicouse este trámite no Boletín Oficial do Estado (BOE 19.04.2023), dando cumprimento ao artigo 44 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ao longo do período conferido para o trámite de audiencia, formuláronse alegacións.

Constan no expediente informes do arquitecto municipal de datas 29.09.2023, 04.10.2023, e 18.10.2023

Para o seu análise e contestación agrúpanse as alegacións que presentan un contido similar.

ESCRITOS DE ALEGACIÓN PRESENTADO POR MARÍA VÁZQUEZ GONZÁLEZ EN REPRESENTACIÓN DE MERCAGALICIA, titular de MERCAGALICIA, (parcela nº 15)

Con data 02.02.2023, número rexistro 2023007746, formúlase alegación no expediente, en representación de MERCAGALICIA, titular da parcela nº 15 do expediente expropiatorio, opoñéndose á expropiación forzosa da parcela.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 03.02.2023, acordouse excluir a parcela nº 15 do proxecto de expropiación coas seguintes condicións:

- MERCAGALICIA achegará o compromiso de permitir a ocupación da parcela se fose precisa para executar as obras de urbanización ou de acondicionamento do terreo.
- Polo órgano competente da administración municipal adoptaranse as decisións que procedan respecto da futura incorporación da parcela ao dominio público municipal.

Con data 06.10.2023, número de rexistro 2023060897, MERCAGALICIA achegou o compromiso requirido no acordo de exclusión.

ESCRITOS DE ALEGACIÓN PRESENTADOS POR PILAR CARBALLEIRA POMBO (parcela nº 12)

A interesada presenta dous escritos de alegacións, con data 27.01.2023, número de rexistro 2023006827, e 21.02.2023, número de rexistro 2023012789, na súa condición de titular da parcela nº 12, de referencia catastral 15079A505018050000FL, obxecto de expropiación no expediente. No escrito presentado o 27.01.2023, fai constar que a superficie afectada segundo o proxecto é de 2.675 m². Sen embargo, na escritura de adjudicación parcial de herdanza consta que a finca ten unha superficie de 2.660 m². Por outra parte, a superficie que figura na nota simple informativa do Rexistro da Propiedade número 2 de Santiago de Compostela é de 2.665 m².

Por todo o exposto solicita se corrixa a superficie da parcela nº 12 afectada polo procedemento expropiatorio, xa que a efectos rexistrais a superficie é inferior á que consta no documento de expropiación.

Por outra parte, na alegación presentada indica que “o *SUND-30 non conta con planeamento de desenvolvemento aprobado*”. Continúan sinalando que “o apartado 3 do artigo 95, dispón como requisito previo para levar a cabo a execución do planeamento en solo urbanizable a previa aprobación do plan parcial do sector

correspondente (no caso que nos ocupa, o SUND-30); salvo que o plan xeral estableza a ordenación detallada, o que o propio acordo de aprobación inicial do PEID recoñece que non ocorre no ámbito do SUND-30. (...), a aprobación de dito plan especial debe considerarse como requisito previo e habilitante para levar a cabo a expropiación dos terreos obxecto do Proxecto de Expropiación Forzosa que nos ocupa”.

Continúa a alegación manifestando o “rexeitamento e oposición aos criterios de valoración en canto contradín e vulneran o Texto Refundido da Lei do Solo. (...). O artigo 36 TRLS dispón que os terreos taxaranse mediante a capitalización da renda anual real ou potencial, a que sexa superior, segundo o seu estado no momento ao que deba entenderse referida a valoración da renda; (...). O valor do solo rural así obtido poderá ser corrixido á alza en función de factores obxectivos de localización, como a accesibilidade a núcleos de poboación ou a centros de actividade económica ou contorna de singular valor ambiental ou paisaxístico, (...) as follas de aprecio individualizadas omiten deliberadamente o cálculo das rendas potenciais, das que son susceptibles as parcelas.”. Indícase por outra parte que “debe denunciarse que os criterios de valoración contidos no Proxecto de Expropiación e as follas de aprecio individualizadas omiten tamén de xeito deliberado toda referencia a factores de corrección á alza, sinalando no artigo 36 (accesibilidade a núcleos de poboación e centros de actividade económica), (...). As parcelas obxecto de expropiación atópanse a menos de 4 km de Santiago, (...), a proximidade con núcleos de poboación debe ser necesariamente tida en conta como factor de corrección igual que debe selo a proximidade das parcelas a centros de comunicacións e transporte como o aeroporto de Santiago e a súa estación de ferrocarril, por expreso mandato do apartado 4 do artigo 17 RV”.

Xunta coa alegación copia da escritura de adjudicación parcial de herdanza, número de protocolo 845, de data 23 de xullo de 2019, ante o notario Jesús M^a Rodríguez Vázquez, segundo a cal entre outras adjudícase a Dna Pilar Carballeira Pombo, unha terceira parte da finca descrita baixo o número 1, que figura coa seguinte descrición: “finca número 1.378 do Plano Xeral de concentración parcelaria da zona de San Miguel dos Agros. Rústica terreo adicado a monte roturado e sen roturar, ao sitio “BISCELLA”, de vinte e seis áreas, sesenta centiáreas. Linda: sur, Juana Pombo Suárez; norte, José Botana Otero e outros (1.196); leste, Dolores García Chenel (1.193); e oeste, camiño de concentración parcelaria. Referencia catastral: 15079A505018050000FL. Inscripción: tomo 1.059, libro 101, folio 75 e finca 9.073 do Rexistro da Propiedade de Santiago número dous”. Os dous tercios restantes, adjudícanse a D. Emilio Carballeira Pombo, e D. Antonio Carballeira Pombo.

ESCRITOS DE ALEGACIÓNS PRESENTADOS POR PLÁCIDO BLANCO GARCÍA (parcela nº 2)

Con data 31.01.2023, por D. Plácido Blanco García, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023007245. Posteriormente o 23.02.2023, presenta outro escrito de alegacións, número de rexistro 2023013395.

O interesado, propietario da parcela nº 2, xunto con D. Plácido Manuel Blanco Paris, Dna. María Belén Blanco Paris e Dna María Alba Blanco Paris, afectada polo procedemento expropiatorio, solicita que a finca lle quede ben comunicada. Mostra a

súa desconformidade coa valoración ofertada, solicitando se lle compensen os gastos de compra e notaría, solicitando un valor de 89.358,19 €. Por outra parte, indica que na valoración falta por abonar o valor dos eucaliptos plantados.

Indica o expropiado que non se lle notificou a folla de aprecio, nin a proposta de fixación dos criterios de valoración, causándolle indefensión. Fai referencia a que *“conforme ao artigo 68.i) LSG incorpórase o plan especial a un plan de etapas, no que se determina a estratexia de actuación. (...) a expropiación dos terreos 4 anos desde a aprobación definitiva do PEID”*. E por último, fai constar que o Plan Especial foi aprobado inicialmente, pero aínda non está aprobado de forma definitiva, senón en exposición pública, polo que *“o expediente de expropiación forzosa instruído para a obtención dos terreos é nulo, por canto segundo resulta do Plan especial, a expropiación do solo debe facerse no prazo de catro anos desde a aprobación definitiva do propio Plan Especial”*.

Xunta copia da escritura de compravenda, número de protocolo 1.665, de data 3 de setembro de 2008, ante o notario Nelson Rodicio Rodicio, no que comparecen D. Amancio Touriño de la Fuente, en representación de D. Francisco Carballeira García, e D. Plácido Blanco García, casado en réxime de gañanciais con Dna. Estrella París Noya, en nome propio e en representación de Plácido Manuel Blanco Paris, María Belén Blanco Paris e María Alba Blanco Paris, segundo poder outorgado o 24 de abril de 2006, número de protocolo 1.519. D. Francisco Carballeira García é dono da seguinte finca: *“finca número 1192 do Plano Xeral da zona rústica, terreo adicado a monte, ao sitio de A MAÑA, que linda: norte, Dolores García Chenel (1193); sur, José Cruz Seijo, (1191); leste, camiño de concentración; e oeste, Carmen Suárez Suárez (1378). Superficie: trinta e tres áreas. Indivisible. Inscripción. Tomo 646, libro 303, folio 159, finca 18.889, Rexistro nº 2 de Santiago. Referencia catastral: non a xunta.(...) D. Francisco Carballeira García, vende a D. Plácido Blanco García, D. Plácido- Manuel Blanco Paris, Dna María Belén Blanco Paris e Dna María Alba Blanco Paris, quen es compran na proporción dun corenta por cento o señor Blanco García, e un vinte por cento cada un dos Señores Blanco Paris, (...)”*.

Asimesmo, xuntan copia do anuncio publicado no DOG o 13.01.2023, de información pública do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte).

ESCRITOS DE ALEGACIÓNS PRESENTADOS POR HENRIQUE FERRO CRUZ (parcela Nº 1) E JUANA MARÍA CRUZ DEL RÍO (parcela Nº 1).

Con data 06.02.2023, D. Henrique Ferro Cruz, na súa condición de nudo propietario da parcela de referencia catastral 17079A50501191, presenta dous escritos de alegacións número de rexistro 2023008462 e 2023008464.

Con data 6 de febreiro de 2023, por Juana María Cruz, na súa condición de usufrutuaria da parcela de referencia catastral 17079A50501191, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023008468 e 2023008470.

Opóñense á aprobación inicial do Proxecto de expropiación, así como á modalidade elixida,- taxación conxunta- e á valoración contida na folla de aprecio. Continúa o alegante do seguinte xeito: *“o proxecto de expropiación impugnado trae causa no plan*

especial de infraestruturas e dotacións na parcela SU-3 e segundo o acordo notificado, a aprobación do instrumento de planeamento urbanístico levará consigo a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, invocándose o artigo 85.1 da Lei do Solo de Galicia. O que ocorre é que o instrumento de planeamento urbanístico non está aprobado, existindo ata a data unha mera aprobación inicial (...). É por iso que a Administración carece de potestade expropiatoria para a actuación concreta xa que non pode considerarse declarada nin a utilidade pública nin a necesidade de ocupación.”

Continúan alegando que "a pretensión é acometer a edificación proxectada con aproveitamento privativo do solo a costas de seus propietarios, mediante a aprobación unilateral pola Administración da súa edificabilidade(...); A Administración actuaría urbanísticamente como si se tratase dun solo urbanizable, e en cambio cando se trata de expropiar o solo alleo, valórao como rústico e así financia a urbanización prevista e as instalacións detraendo o valor do solo en prexuízo dos lexítimos propietarios. A conclusión de dita actuación non é unha expropiación senón unha usurpación dos dereitos patrimoniais dos cidadáns”

Os titulares, indican ademais, que “debe sinalarse a falta de ningún criterio valorativo respecto da finca do que subscribe (...). Comprenderase que a simple referencia ao pe de páxina no documento denominado folla de aprecio, respecto ao RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, como criterio de xustificación de valoración non constitúe máis que un sarcasmo, que deixa totalmente en entre dito a actuación da Administración”.

A maiores, indica que o Concello expropiou parte da finca no ano 1998, agora afectada. Na data sinalada, continúa o propietario “valórase en 61,48 €/m²; o que tendo en conta a variación de índice de prezos ao consumo, alcanza a porcentaxe de 58,8%, o que aplicado ao xusto prezo supón na actualidade 97,95 €/m²”.

Xunta a seguinte documentación: copia incompleta da escritura de pacto sucesorio, número de protocolo 1.387 de 20 de outubro de 2016, ante o notario Héctor Ramiro Pardo García, na que comparecen os donos D. Enrique Manuel Ferro Cepeda, e Dña. Juana María Cruz del Río casados en réxime de gañanciais e Henrique Ferro Cruz.

Nos escritos de alegacións número de rexistro 2023008464, de data 06.02.2023 e 2023008470 de data 06.02.2023, o nudo propietario e a usufrutuaria da parcela 17079A50501191, indican que “a pretensión do Concello é acometer a edificación mediante a aprobación do plan especial, renunciando expresamente ao obrigado desenvolvemento do solo urbanizable. (...). A fuxida por parte da Administración do obrigado desenvolvemento do solo urbanizable, ten como finalidade, a de evitar calificar as parcelas incluídas no ámbito, e por tanto afectas á expropiación por causa do mesmo, da súa condición de solo urbanizable aos efectos da súa valoración. (...) A formulación do plan especial, en modo algún lexítima a actuación que pretende esa Administración e impón unhas determinadas condicións que non se cumpren no expediente aprobado. Así non se incorporou o contido do proxecto ao proxecto de urbanización do ámbito(...). A aprobación inicial do Plan constitúe un evidente fraude de lei en claro prexuízo dos propietarios dos terreos sobre os que se vai proceder á súa edificación en exclusivo beneficio desa Administración”.

Así mesmo, indica que a formulación do Plan especial, “como excepción ao non desenvolvemento do solo urbanizable do seu ámbito, xustifícase no acordo notificado

na invocación do artigo 227 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia. Non obstante a dicción literal do precepto en modo algún lexitima a actuación que pretende esa Administración (desenvolver urbanísticamente a finca e deixar parte da mesma como suposto solo rústico para así pagar menos importe nas expropiacións) e impón unhas determinadas condicións que non se teñen cumprido no expediente aprobado. Así non se procedeu á información nin aos trámites posteriores (...)”.

ESCRITOS DE ALEGACIÓNS PRESENTADOS POR MARÍA JESUSA BOTANA LÓPEZ, JOSÉ BOTANA LÓPEZ E MARÍA CARMEN LÓPEZ OTERO (parcelas nº 8, 9 e 10); ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR MARÍA CARMEN POMBO LÓPEZ (parcela nº 14); ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR VÍCTOR MANUEL OTERO SÁNCHEZ (parcela nº 4); ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR ANTONIO COUSELO OTERO (parcela nº 5); ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR FLORENCIO MARTÍNEZ BOTANA (parcela nº 6, 7 e 11); ESCRITO DE ALEGACIÓNS PRESENTADO POR MARÍA DEL CARMEN OTERO OTERO (parcela nº 13)

Debido ás similitudes nas alegacións presentadas, analízanse de xeito conxunto, indicando as particularidades de cada unha.

Con data 22 de febreiro de 2023, preséntanse escritos de alegacións, número de rexistro 2023013779 (**parcela nº 8**) por María Jesusa Botana López, José Botana López e María Carmen López Otero, na condición de comunidade hereditaria de Florencio Botana Otero (non acreditan a condición de herdeiros); número de rexistro 2023013785 (**parcela nº 9**), por María Jesusa Botana López e José Botana López; e número de rexistro 2023013771 (**parcela nº 10**), por María Jesusa Botana López, como parte da propiedade, (non xunta documentación).

Con data 22 de febreiro de 2023, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023013772, por María Carmen Pombo López, en beneficio da Comunidade hereditaria de Antonio Pombo Míguez, non acredita a condición de herdeira nin xunta documentación, en relación á **parcela nº 14**.

Con data 23 de febreiro de 2023, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023013929, en relación á **parcela nº 4** por Víctor Manuel Otero Sánchez.

Con data 22 de febreiro de 2023, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023013932, en relación á **parcela nº 5** por Antonio Couselo Otero.

Con data 22 de febreiro de 2023, por Florencio Martínez Botana preséntanse os seguintes escritos de alegacións: escrito de alegacións número de rexistro 2023013788 (**parcela nº 6**) en beneficio das Comunidades hereditarias de María Botana Otero, Edelmiro Martínez Otero e José Manuel Martínez Botana, situación que non se acredita documentalmente, escrito de alegacións número de rexistro 2023013802 (**parcela nº 7**), en beneficio da comunidade hereditaria de María Manuela Botana Otero, condición non acreditada documentalmente, e escrito de alegacións número de rexistro 2023013796 (**parcela nº 11**), en beneficio da Comunidade hereditaria de Emilio Botana Otero, non xuntado documentación acreditativa desta condición.

Con data 22 de febreiro de 2023, preséntase escrito de alegacións número de rexistro 2023013936, en relación á **parcela nº 13** do expediente expropiatorio, por María del Carmen Otero Otero.

Nos escritos presentados indícase que “o SUND-30 non conta con planeamento de desenvolvemento aprobado”. Continúan sinalando que “ o apartado 3 do artigo 95, dispón como requisito previo para levar a cabo a execución do planeamento en solo urbanizable a previa aprobación do plan parcial do sector correspondente (no caso que nos ocupa, o SUND-30); salvo que o plan xeral estableza a ordenación detallada, o que o propio acordo de aprobación inicial do PEID recoñece que non ocorre no ámbito do SUND-30. (...), a aprobación de dito plan especial debe considerarse como requisito previo e habilitante para levar a cabo a expropiación dos terreos obxecto do Proxecto de Expropiación Forzosa que nos ocupa”.

Por outra parte, continúa a alegación manifestando o “*rexeitamento e oposición aos criterios de valoración en canto contradín e vulneran o Texto Refundido da Lei do Solo. (...). O artigo 36 TRLS dispón que os terreos taxaranse mediante a capitalización da renda anual real ou potencial, a que sexa superior, segundo o seu estado no momento ao que deba entenderse referida a valoración da renda; (...). O valor do solo rural así obtido poderá ser correxido á alza en función de factores obxectivos de localización, como a accesibilidade a núcleos de poboación ou a centros de actividade económica ou contorna de singular valor ambiental ou paisaxístico, (...) as follas de aprecio individualizadas omiten deliberadamente o cálculo das rendas potenciais, das que son susceptibles as parcelas.*” Indícase por outra parte que “*debe denunciarse que os criterios de valoración contidos no Proxecto de Expropiación e as follas de aprecio individualizadas omiten tamén de xeito deliberado toda referencia a factores de corrección á alza, sinalando no artigo 36 (accesibilidade a núcleos de poboación e centros de actividade económica), (...). As parcelas obxecto de expropiación atópanse a menos de 4 km de Santiago, (...), a proximidade con núcleos de poboación debe ser necesariamente tido en conta como factor de corrección igual que debe selo a proximidade das parcelas a centros de comunicacións e transporte como o aeroporto de Santiago e a súa estación de ferrocarril, por expreso mandato do apartado 4 do artigo 17 RV.*”

Víctor Manuel Otero Sánchez, en relación á **parcela nº 4**, mostra súa desconformidade coa titularidade da parcela, indicando que é da súa propiedade por herdanza de seu avó Miguel Otero Sánchez; por acta de declaración de herdeiros foi declarado único herdeiro. Fai constar que xunta documentación, sen embargo non figura documentación anexa algunha.

Ademáis, en relación ás alegacións realizadas nas fincas nº 4, 5, 6 e 7 indican que “*a valoración omite a indemnización dos prexuízos derivados da expropiación parcial da finca (artigo 46 LEF).*”

Tal e como se indicou anteriormente, detectadas algunhas discrepancias entre as superficies que figuran no Rexistro da Propiedade e as que son obxecto de expropiación segundo medición gráfica das parcelas afectadas, en marzo de 2023

sométese a trámite de audiencia aos titulares das parcelas nº 8, nº 9, nº 10, nº 11, nº 12, nº 13 e nº 14, indicando a superficie que resulta da medición gráfica.

En contestación a dito trámite, preséntanse dúas alegacións: por Pilar Carballeira Pombo, en relación coa finca nº 12 (cotitular da parcela nº 12), número de rexistro 2023030296 o 2 de maio de 2023 (recibido o 27 de abril de 2023); e por Francisco Pombo López na súa condición de herdeiro de Antonio Pombo Míguez, en relación coa parcela nº 14 (non acredita a condición de herdeiro), número de rexistro 2023030251, o 2 de maio de 2023, (recibido o 27 de abril de 2023), presentándose esta última fora de prazo.

As alegacións ao trámite de audiencia presentan un contido similar. Mostran a *“non conformidade coa xeorreferenciación e superficie gráfica obrantes nas bases de datos catastrais, referentes ás parcelas 12, 13 e 14 do proxecto de expropiación e cuxas referencias catastrais 15079A50501805, 15079A50501804 e 15079A50501378, respectivamente, e por tanto manifesto a non conformidade coa valoración /taxación no proceso de expropiación realizada en base a ditas cabidas. Os predios indicados proveñen dunha división realizada por herdanza da parcela 1.378 de Concentración Parcelaria, da zona de San Miguel dos Agros, e cuxo reparto de cabida en tres pezas realizouse claramente nun 25%, 25%, 50%(...). Solicita se realice unha valoración/taxación dos predios a expropiar en base ás superficies rexistras e de acordo ao proxecto de deslinde e xeorreferenciación”*.

Xunta escritura de ratificación, aprobación e protocolización das operacións particionais de Antonio Pombo Otero e Carmen Suárez, número de protocolo 376, de 10 de febreiro de 1.977 ante o notario Alberto Barreras López. Na escritura descríbese no número 18, a finca nº1378 do plano de concentración parcelaria da zona de San Miguel, *“de cabida unha hectárea seis áreas e sesenta e unha centiáreas. Parcelación, a finca divídese nas parcelas seguintes, A) parcela de 53 áreas 31 centiáreas que se describe na partida segunda do cupo de Francisco; B) parcela de 26 áreas, 65 centiáreas, que se describe na partida segunda do cupo de María; C) parcela de 26 áreas 65 centiáreas, que se describe no cupo de Juana”*.

Achegan un informe de deslinde e xeorreferenciación de tres parcelas e da súa parcela matriz de orixe en base a títulos e concentración parcelaria, asinado por enxeñeiro técnico en topografía, no que conclúe o seguinte: *“a excepción do lindeiro máis ao sur, a disposición espacial dos lindeiros das parcelas catastrais 15079A50501805, 15079A50501804 e 15079A50501378, son erróneos pola gran diferenza e sen respectar a proporción de reparto establecida nos títulos de herdanza”*. Xunta informe de validación gráfica fronte a parcelario catastral.

CONSIDERACIÓNS:

Alegacións relativas aos requisitos previos habilitantes da expropiación (necesidade de aprobación do plan parcial ou do plan especial):

Tanto a declaración de utilidade pública como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados atópase implícita na aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), posto que é éste o instrumento que cualifica o solo como dotación pública de sistema xeral (SU-3).

A delimitación e cualificación do solo adicado a sistemas xerais é unha competencia reservada ao planeamento xeral. O PXOM debe prever as reservas de solo precisas para atender as necesidades da poboación de todo o municipio, en proporción á capacidade residencial máxima prevista no plan xeral para a totalidade do termo municipal (artigos 42.1 e 52.f da Lei do solo de Galicia). Os sistemas xerais de equipamento están ao servizo de toda ou dunha importante parte da poboación municipal (artigo 65.4.a).4 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia). Por iso a lei reserva a súa delimitación ao planeamento xeral ao se tratar de elementos determinantes do desenvolvemento urbano que configuran a estrutura xeral e orgánica do territorio.

En consecuencia, cando o PXOM cualifica o solo como dotación pública de sistema xeral, leva implícitas tanto a declaración de utilidade pública como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, pois así resulta do disposto nos artigos 85 e 129.3.a) da LSG.

Cuestión distinta é a execución das obras de construción do equipamento dentro do solo cualificado como sistema xeral. Así, nos solos urbanizables, mentres non se aprobe o plan parcial non poderán realizarse construcións, agás as que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional (artigo 28.2 LSG).

Pero nada impide que o solo se obteña antes de aprobarse o plan especial, posto que ao se tratar dun sistema xeral podería tamén adicarse pola administración expropiante a usos dotacionais de carácter provisional, isto é, sen necesidade de aprobar ningún plan especial.

Polo que respecta á alegación relativa a que a execución do planeamento en solo urbanizable require a previa aprobación do plan parcial do sector, isto é certo cando o que se pretende é transformar íntegramente o sector de solo urbanizable, a través dos procedementos de execución sistemática do plan. Pero para executar un sistema xeral, de forma anticipada á transformación do sector, o mesmo artigo 28.2 da LSG permite que poida realizarse como unha actuación aillada a través dun plan especial de infraestruturas e dotacións.

Se ademais, como é o caso, o solo afectado ten a cualificación de SISTEMA XERAL, é posible a súa obtención anticipada, ben sexa para adicalo a usos públicos de carácter provisional -sen necesidade de aprobar ningunha outra figura de planeamento-, ben sexa para poder logo realizar construcións definitivas consonte a un plan especial.

En resumo, non debemos confundir os requisitos para obter o solo cualificado como sistema xeral -que derivan da súa cualificación como tal no PXOM-, dos outros requisitos que esixe a lei do solo de Galicia para executar construcións definitivas (plan especial) ou para transformar un sector de solo urbanizable (plan parcial).

Certamente a aprobación do plan especial é necesaria para construír o equipamento, pero non para adquirir os terreos necesarios, xa que é o Plan Xeral – e non o Plan especial- o que habilita a súa expropiación forzosa.

Atopámonos pois nun suposto especial de obtención anticipada dun sistema xeral, cuxa causa expropiandi deriva directamente do Plan Xeral, aínda cando para executar a construción sexa preciso aprobar o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións.

A aprobación do proxecto de expropiación é sempre previa á urbanización e edificación do solo, posto que é precisa a dispoñibilidade dos terreos para iniciar as obras. Polo tanto, a expropiación é un presuposto previo á execución do planeamento, segundo prevé o artigo 222 RLSG.

En relación ao plan de etapas no que se sinala un prazo máximo de expropiación de 4 anos, a contar desde a aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, trátase dun prazo que opera como máximo, e que non impide a tramitación simultánea do plan especial co proxecto de expropiación.

En todo caso, con data 11.10.2023 o Pleno municipal aprobou definitivamente o Plan Especial, polo que non existiría o impedimento alegado para aprobar definitivamente o proxecto de expropiación.

En virtude dos argumentos expostos, propónse **desestimar** as alegacións a este respecto.

Alegacións relativas á valoración.

En relación ás alegacións relativas ás valoracións, remitímonos aos criterios que se definen no proxecto técnico de expropiación, así como aos informes do arquitecto municipal de datas 29.09.2023, 04.10.2023, e 18.10.2023

Alegacións relativas á omisión da indemnización dos prexuízos derivados da expropiación parcial.

Trátase unha vez máis dunha cuestión de valoración, polo que nos remitimos aos informes correspondentes.

Nembargantes é preciso citar o artigo 23 da Lei de Expropiación Forzosa, que indica o seguinte: *“cando a expropiación implique só a necesidade de ocupación dunha parte da finca rústica ou urbana, de tal modo que a consecuencia de aquela resulte antieconómica para o propietario a conservación da parte de finca non expropiada, poderá solicitar da Administración que dita expropiación comprenda a totalidade da finca,(...)”*.

Polo tanto debe ser o expropiado o que solicite a expropiación total do predio, achegando xustificación bastante de que a conservación do resto resulta antieconómica.

Polo que respecta ao feito de que non se notificou a folla de aprecio nin a proposta de fixación dos criterios de valoración, cómpre indicar que coa notificación do acordo de aprobación inicial engadiuse como anexo a folla de valoración, que expresamente remite aos criterios de valoración descritos no proxecto de expropiación. Este proxecto estivo exposto ao público por un prazo dun mes, dando cumprimento aos artigos 293.2 Regulamento da Lei do Solo de Galicia, e 118.2 da Lei do Solo de Galicia, e na notificación practicada indicouse o enlace web no que as persoas interesadas poderían consultar toda a documentación do proxecto.

Polo tanto, a información dos criterios de valoración estivo a disposición de todos os expropiados, polo que se propón **desestimar** a alegación.

Alegacións nas que se solicita que a finca quede ben comunicada.

